



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 02-02-2021.

Expte: 2021/G010/000001

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día dous de febreiro de dousmil vinteún, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial (PSdeG-PSOE) e telemático:

Presidenta: D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Víctor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. M^a. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
D^a. Marta Rey Lema. (A.V)
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).
D^a. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
D^a. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Non asiste: D. Francisco Trillo Pazos. (A.V).

Asisten telemáticamente tódolos membros da corporación excepto os pertencentes ó grupo político do PSdeG-PSOE.

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: Dna. María Lourdes Castro Pena.

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinarias celebradas o 27 de novembro e 18 de decembro de 2020.

2º. Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

3º. Ditame sobre aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

4º. Ditame sobre modificación das bases de execución. Anexo subvencións nominativas.



5º. Ditame sobre aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS + 2021".

6º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021".

7º. Ditame sobre execución de sentenza RPT área de arquitectura urbanismo e posto de arquitecto municipal. Exp. 2020/Q001/000006.

B) Sección de control

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

9º. Mocións de urxencia.

10º. Rogos e preguntas.

A Alcaldesa-Presidenta agradece que se respetase o cambio de data do pleno ordinario de xaneiro polas circunstancias que todos saben.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinarias celebradas o 27 de novembro e 18 de decembro de 2020.

D. Manuel Antelo manifesta que detectou no borrador do pleno de decembro na páxina 8, parágrafos que deben ser doutros borradores e o Secretario cotexa e dí que con esa rectificación no seu caso quedaría aprobadas as actas remitidas.

Amáis que en relación coa dilixencia da acta de 27 de novembro que se debería levar a cabo a votación da convalidación da modificación orzamentaria nos termos previstos legalmente.

Quedan aprobadas.

D. Manuel Antelo excusa ó seu compañeiro Francisco Trillo.

2º. Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Constas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 26 de xaneiro de 2021 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame para a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2021, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA PLENO



MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal núm. 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.

Visto a variación do IPC a novembro de 2020, que foi de -0,8 %.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobado a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

“7.2 A cota tributaria pola prestación dos servizos de escola infantil determinarase de conformidade coa seguinte tarifa e cos descontos previstos para adoptar a contía das taxas á capacidade económica dos suxeitos pasivos.

(...Resto do artigo permanece igual...)

4. Aplicación das taxas mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar, queda como segue:

Tramos renda per cápita Intervalo IPREM	Tarifa	Xornada completa	Media Xornada	Comedor Escolar	Transporte
> 200%	1	164,00	82,00	50	50
151% - 200%	2	142,47	71,24	43	43
126% - 150%	3	129,15	64,58	36	36
101% - 125%	4	108,64	54,32	25	25
76% - 100%	5	67,64	33,83	18	18
51% - 75%	6	33,83	16,91	12	12
31% - 50%	7	0	0	12	12
< ou = 30 %	8	0	0	0	0

(...Resto do artigo permanece igual...)



6. As taxas establecidas no punto 4 actualizaranse anualmente conforme as fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLFL.

7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Viaxes (€)
Menores ou iguais á PNC	0,50 x SMI	39,99
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	0,70 x SMI	39,99
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	0,90 x SMI	39,99
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	1,00 x SMI	39,99
Maiores ao triplo do SMI	1,50 x SMI	39,99

(...Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,23	0,38
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,43	0,61
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,68	0,75
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	4,87	0,98
Maiores ao triplo do SMI	6,11	1,23

A estos prezos hai que engadirle un custo de 1,82 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.



Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal núm. 24 no Boletín Oficial da Provincia.

Vimianzo, 18 de xaneiro de 2021
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A continuación a Interventora explica someramente o contido desta modificación cuxa xustificación figura no expediente correspondente.

Dna. Raquel Rodríguez traslada que non nada que engadir.

D. Manuel Antelo dí que estamos ante un acordo contractual que hai que cumprir.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

3º. Ditame sobre aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 26 de xaneiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame para a aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PARA O PLENO

Liquidación definitiva correspondente ó exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas
Expte Tedec: 2021/X999/000013

Visto os escritos do Grupo Reactada de liquidación definitiva do exercicio 2020, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vista a resolución de alcaldía núm. 335/2020 de data 03/04/5020, pola que se suspende o contrato na parte que afecta a escola infantil e se estima a procedencia de un reequilibrio en aplicación do artigo 34 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo.

Vistos os informes de Intervención e departamento de servizos sociais.



Esta liquidación ascende a un total de 344.233,71 euros dos que se atopan pendente a contía de 9.227,58 euros, dentro desta cantidade inclúese o pago do importe abonado as traballadoras da escola infantil durante o peche en aplicación do artigo 34 do RD Lei 8/2020. Do importe da liquidación hai que descontar o canon a favor do concello por importe de 18.951,17 euros; por parte do contratista se solicita que se desconte do canon a pagar a cantidade de 3.775,68 €, que sería a cantidade que responde o período de peche da escola infantil, por reequilibrio da concesión.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2019 a novembro de 2020 de acordo co INE, foi un -0,8%, o canon a pagar pola empresa no exercicio 2021 será de 18.799,56 euros, dado que o último canon aprobado en decembro de 2020 é de 18.951,17 euros. O contrato de xestión de servizos remata polo que se refire a prestación de vivenda comunitaria, lavandería e comedor sobre rodas con data 28 de febreiro de 2021; e a prestación de escola infantil con data 31 de agosto de 2021, polo que o canon prorrateado do 2021 polo período de vixencia do contrato sería de 7.130,99 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2021, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

- 1.
2. Vivenda Comunitaria: 1.563,12 euros/mes.
3. Escola Infantil: 450,58 euros/mes.
4. Comedor sobre rodas: 9,51 euros/menú.
5. Lavandería sobre rodas: 3,99 euros/lavado.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2021 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de 344.233,71 euros, se ben dado o peche da escola infantil, solicitouse polo contratista que se realice unha estimación do que debería ser a liquidación do ano 2020 se a escola estivera aberta e partindo dese importe se realice o cálculos dos pagos a conta. Neste caso colleuse como referencia o mes de xaneiro de 2020, resultando unha estimación de 400.430,23 euros, segundo consta no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2020, que supón un custo total para o Concello de 344.233,71 euros, quedando pendente de pagamento 9.227,58 euros.

Segundo.- Para este exercicio 2021, a vista da vixencia do contrato, e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio, os pagos a conta serán de 127.739,51 euros, tendo en conta a estimación realizada no suposto da escola infantil, tomando como referencia o mes de xaneiro de 2020. Os pagos a conta terán o seguinte detalle:

- xaneiro: 28.090,70 euros/mes
- febreiro: 30.205,77 euros/mes
- dende 1 de marzo ata 31 de agosto: 11.573,34 euros/mes

Terceiro.- Estimar a redución do canon por importe de 3.775,68, que lle corresponde pagar ao contratista do ano 2020, como consecuencia do peche da escola infantil e se proceda así ao reequilibrio do contrato, en aplicación do artigo 34 do Real Decreto Lei 8/2020; correspondendo un canon de 15.175,49 euros. O citado canon será compensado coa liquidación do contrato do ano 2020, resultando un importe a favor do Concello de 5.947,91 euros, que deberá aboar o contratista.



Cuarto.- Que o canon prorrateado durante a vixencia do contrato neste 2021, que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 7.130,99 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2021.

Quinto.- Modificar a cláusula sexta do contrato administrativo de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, no relativo os prezos de servizo e praza, que para o exercicio 2021 serán os seguintes:

1. Vivenda Comunitaria: 1.563,12 euros/mes.
2. Escola Infantil: 450,58 euros/mes.
3. Comedor sobre rodas: 9,51 euros/menú.
4. Lavandería sobre rodas: 3,99 euros/lavado.

Vimianzo, 18 de xaneiro de 2021
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A continuación a Interventora explica someramente o contido desta liquidación cuxa xustificación figura no expediente correspondente.

Os portavoces de A.V. e PP manifestan a súa conformidade dado que hai que facelo tódolos anos.

Pásase á votación do asunto que é aprobado por unanimidade dos membros presentes.

4º. Ditame sobre modificación das bases de execución. Anexo subvencións nominativas.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 26 de xaneiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“3. Proposta de ditame para a modificación das bases de execución. Anexo subvencións nominativas.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 14 de xaneiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Expte Tedec: 2021/T004/000002

Visto que nas bases de execución do orzamento, base núm. 52, se establecen as subvencións nominativas a conceder polo Concello de Vimianzo no ano 2019 e que este orzamento foi prorrogado ao ano 2021.

Visto que as subvencións nominativas a conceder non se prorrogan co orzamento, si os créditos.

Considerase que existen razóns de interese público, social e económico, para conceder as subvencións que se recollen no anexo elaborado.



Considerando a necesidade de modificar as bases de execución do orzamento do Concello para incluír estas subvencións nominativas.

Visto o informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobación inicial da modificación da base núm. 52 de execución do orzamento para prorrogar as subvencións nominativas que se recollen como anexo a esta base, sendo as seguintes:

ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS 2021

1.- Subvención á explotación para a empresa concesionaria dos servizos de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, por importe da diferenza de entre o prezo ofertado e a aplicación da Ordenanza fiscal nº 24, publicada no BOP nº 245. Con único fin de manter como prezos máximos os fixados en dita ordenanza. O importe subvencionado durante o exercicio será o resultante de aplicación da cláusula 4ª do prego de cláusulas económico - administrativas que rexeu no proceso de licitación, sen prexuízo de unha liquidación definitiva, con cargo a partida 231.47200

2.- Subvención a outorgar á asociación sen ánimo de lucro Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Fisterra e Soneira (AFAFES) pola execución do programa "Envellecemento Activo na Terra de Soneira", a realizar no concello de Vimianzo durante o ano 2020, por un total de 10.234,08 € con cargo á partida 231.48900.

3.- Subvención a outorgar a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vimianzo, para colaborar nos gastos de funcionamento e mantemento, por unha cantidade de 2.000 €, con cargo a partida 135.48900.

Segundo: Que se proceda a exposición pública desta modificación nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2019 prorrogadas ao 2021, no Taboleiro de Anuncios do Concello durante quince días hábiles, coa fin de que os interesados poidan examinalo e interpoñer, no seu caso, as reclamación que estimen oportunas perante o Pleno. O inicio da exposición deberá ser igualmente publicado no BOP.

Terceiro: Transcorrido o período de exposición pública, e no caso de que non se tiveran interposto reclamacións durante o mesmo, o acordo ata entón provisional elevarase á categoría de definitivo unha vez se publique integramente a redacción da nova base de execución, entrando en vigor a partires da dita publicación.

En caso de existir reclamacións, o Pleno deberá tomalas en consideración e decidir sobre a súa procedencia.

Vimianzo, 14 de xaneiro de 2021.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez."

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

A continuación a Interventora explica someramente o contido desta modificación por mor da imposibilidade de prorrogar as subvencións xunto co orzamento prorrogado automaticamente, cuia xustificación figura no expediente correspondente.



D. Raquel Rodríguez manifesta que non ten nada que engadir.

D. Manuel Antelo dí que está a favor das subvencións e que non sabe se se podería incluír algunha máis ó longo do exercicio.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que sen perxuízo do que figure no novo orzamento, se fixera falta se poderían modificar ó longo do ano para incluír novas.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

5º. Ditame sobre aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS + 2021”

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o 26 de xaneiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame para aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS + 2021”.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de xaneiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) POS+2021.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, así como a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do dito plan (RE 202000000005202, de 02/12/2020), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende 788.070,92 euros (achega provincial 2020 e 2021 e o préstamo provincial 2021), e a circular sobre modificacións das bases reguladoras (RE 202000000005683, de 30/12/2020, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

“ 1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	356.075,45
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	356.075,45

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
----	0,00	0,00	0,00
Subtotal investimentos achega provincial 2021	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rede de saneamento en Carantoña	111.000,00	0,00	111.000,00
Pavimentación no lugar de Mouzo do Concello de Vimianzo. Fase I	105.576,00	0,00	105.576,00
Mellora do viario de Subeiro A Carballa	130.639,60	0,00	130.639,60
Subtotal investimentos achega provincial 2020	347.215,60	0,00	347.215,60

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
---	0,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concell o	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0,00	0,00	0,00
	Achega 2021	0,00	0,00	0,00

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	356.075,45	0,00	356.075,45
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00	0,00	0,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	0,00	0,00	0,00
	Achega 2020	347.215,60	0,00	347.215,60
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0,00	0,00	0,00
TOTAL	Achega 2021	356.075,45	0,00	356.075,45
	Achega 2020	347.215,60	0,00	347.215,60
	Préstamo 2021	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	703.291,05	0,00	703.291,05

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Arranxo do pavimento interior no lugar de Xora do Concello de Vimianzo.Fase I	153.594,02 €
Mellora do viario en Manlle	62.074,11 €
Mellora do viario en Grixoa	215.926,94 €
TOTAIS	431.595,07

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos ou se está tramitando a obtención dos mesmos para o proxecto de "Rede de saneamento en Carantoña", e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente)”

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que hai moitas necesidades pero a subvención é a que é e se elaboraron os proxectos que se adxuntan co expediente. Da conta dos importes das obras e dos gastos correntes destacando entre outros a rede de saneamento de Carantoña a obra en Mouzo parroquia de Carnés como primeira fase de unha total de 3 e buscando facer obra de calidade que perdure no tempo non solicitando polo seu carácter financeiro o préstamo provincial.

Dna. Raquel Rodríguez considera que tódalas obras son necesarias e se traslada unha das súas peticións, Mouzo-Carnés.

D. Manuel Antelo manifesta que tódalas obras son necesarias e que se sente representado non porque se lles pedira opinión, senón porque eles iniciaron os trámites para a obra de Mouzo e o saneamento de Carantoña solicitando os permisos a particulares. Non entende porque non se destina préstamo provincial a obras e remata advertindo que os títulos dos proxectos de Grixo e Manlle non se corresponden coa ubicación real.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que vai revisar os títulos citados e se correxirá se hai algún erro e que en relación coa falta de petición de opinión, resalta que foi pública e notoria a publicación do POS e que o PP mandou un email coas propostas sen que se convocase en ningún caso.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

6º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2021”

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, celebrada o 26 de xaneiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2021”.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de xaneiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2021.



Tendo en conta a circular sobre POS+Adicional para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 (RE 202000000005201, de 02/12/2020 no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 215.803,30 euros así como a circular de modificación da base reguladora 12 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos-POS+21) para ampliar o obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 (RE 202100000000087, de 11/01/2021), esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	215.803,3 €
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)(A-B)
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS)	475.113,12 €	272.694,00 €	202.419,12 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)(A-B)
Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)(A-B)
T O T A L	505.113,12 €	272.694,00 €	232.419,12 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,
A Alcaldía
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente).”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de AV e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Inteventora explica someramente o contido do expedientes e os importes solicitados que teñen un carácter aproximado.

A Alcaldesa-Presidenta explica que foi o reparto que se fixo tendo en conta o valor estimado do contrato do SAF do que se está á espera do estudo económico para poder licitar o mesmo xa que o incremento vai ser relevante á vista do mercado. Estamos ante unha aproximación pra o novo orzmento.

Dna. Raquel Rodríguez dí que todo o que sexa axuda ó gasto social será benvido.

D. Manuel Antelo confirma o seu voto favorable.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

7º. Ditame sobre execución de sentenza RPT área de arquitectura urbanismo e posto de arquitecto municipal. Exp. 2020/Q001/000006

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 26 de xaneiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre execución de sentenza RPT área de arquitectura urbanismo e posto de arquitecto municipal. Exp. 2020/Q001/000006.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de xaneiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE PLENO



Asunto: Execución de sentenza RPT área de arquitectura urbanismo e posto de arquitecto municipal. Exp.2020/Q001/000006.

Vista a sentenza núm.00119/2020 da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sección 1ª en apelación 281/2018 contra a sentenza de data 01/03/2018 dictada en procedemento abreviado 233/2017, polo Xulgado Contencioso núm.3 da Coruña.

Visto o escrito e dilixencia de ordenación do Xulgado de primeira instancia núm.3 da Coruña, en relación ao procedemento abreviado núm.0000233/2017, nos que se indica que se se adopten as resolucións procedentes para o cumprimento das declaracións contidas no fallo da referida sentenza do TSX.

Visto o informe xurídico emitido polo secretario municipal en data 13/11/2020, que se transcribe literalmente:

"INFORME XURÍDICO:

Expte: 2020/Q001/000006.

Asunto: Execución sentenza RPT área de arquitectura urbanismo e posto de arquitecto municipal.

Lexislación aplicable:

- Constitución Española - CE-
- Lei 7/85 de 2 de abril - LBRL-
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril - TRRL-
- Lei 29/98 de 13 de xullo - LXCA-
- Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro - TREBEP-
- Lei 2/2015 de 29 de abril – LFPG-
- Lei 6/85 de 1 de xullo – LOPX-

Emítase o presente informe xurídico á vista da providencia de alcaldía de data 9 de novembro de 2020 en base ó disposto nos artigos 54 do TRRL e 173 do ROF entre outros e por ter carácter preceptivo por afectar á RPT en vigor no seo da miña función como asesor legal nos termos establecidos no artigo 3.3.d. 6º) do RD 128/2018 de 16 de marzo.

Antecedentes de feito máis relevantes:

- Acordo plenario de 22 de decembro de 2006 no que se lle recoñece ó posto de arquitecto, un nivel 30 e a asignación dun complemento específico de 23.648, 94 euros.

- Acordo Plenario de data 28 de agosto de 2017 polo que se aproba a RPT do Concello de Vimianzo e no que importa a este asunto, suprímese a Área de Urbanismo e Arquitectura que tiña carácter autónomo e se diminúen os CD e CE do posto de Arquitecto Municipal que pasa do nivel 30 ó 26 e de 23.648,94 euros a 15.000 euros respectivamente.

- Sentencia do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña. P. A.: 0000233/2017.; N.I.G.: 15030 45 32017 000884 no que desestima e inadmite o punto 4ª da demanda presentada polo interesado cuio petitum e o seguinte:

- Anulación de la RPT y se condene al Ayuntamiento de Vimianzo a: 1º. Restablecer el área de urbanismo y arquitectura como área independiente y no vinculada a Secretaría ni a gestión administrativa con la incorporación de las sub áreas con incidencia en el urbanismo y en la arquitectura. 2.- Reflejar las funciones del puesto de arquitectura municipal que constan en la convocatoria pública mediante la cual accedió mi representado. 3.- Reconocimiento del puesto de arquitecto con un nivel 30 y el complemento específico de 23.648, 94 euros. 4.- Reconocimiento de la consolidación del nivel 30 así como que esa consolidación lleva aparejada el complemento específico que corresponde a ese nivel.

- Sentencia do TSX de Galicia Sección 1ª en apelación 218/2018 na que falla a estimación parcial do Recurso de Apelación interposto polo interesado anulando dicha resolución exclusivamente en lo que se refiere a la configuración de la Sección de Urbanismo dentro del Área de Gestión Administrativa, y a la configuración del puesto de arquitecto municipal con un nivel 26 y un complemento específico de 15.000 euros, de forma que, el Ayuntamiento de Vimianzo deberá dictar resolución debidamente motivada en relación con esos extremos, resolución en la que deberá motivarse expresamente la configuración de esa Área y la configuración del puesto e arquitecto municipal.

Consideraciones Xurídicas:

PRIMEIRA.- A RTP, podemos definirla coma un instrumento de ordenación técnica que en función das necesidades de recursos humanos dunha administración, e de xeito obxectivo e debidamente motivado, distribúe os postos dacordo ás ditas necesidades.

Amáis, se atendemos as referencias normativas contempladas no artigo 90.2 da LBRL; 74 do TREBEP e 38 da LFG, podemos colexir o seu contido que abranguerá as formas de provisión, retribucións básicas e complementarias e formas de acceso entre outras:

Artículo 74 Ordenación de los puestos de trabajo

Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos

Artículo 38 Relación de puestos de trabajo

1. La relación de puestos de trabajo es un instrumento técnico de carácter público que incluye todos los puestos de trabajo de naturaleza funcional y laboral existentes en cada una de las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley.

2. A través de la respectiva relación de puestos de trabajo, las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley estructuran su organización, clasifican los puestos de trabajo existentes en su ámbito y determinan su contenido para la selección y provisión de los mismos, procurando organizar, racionalizar y ordenar el personal en orden a facilitar una eficaz prestación de los servicios públicos.

A RPT, sufriu unha evolución conceptual, pasando de ter unha natureza dual desde un punto de vista material e procesal, a ser meros actos administrativos.

Así, ata a STS de 5 de febreiro de 2014, as RTP considerábanse actos administrativos a efectos materiais pero a efectos procesales víanse como disposicións de carácter xeral entre outras pola súa forma de aprobación o que permitía a súa impugnación en vía casacional.

Coa sentenza citada que únicamente se refería á administración do Estado e as posteriores de 24 e 28 de febreiro do 2014, dada a vis expansiva da doutrina emerxente, exténdese a única natureza xurídica das RPTs a tódalas administracións territoriais e por ende ós planes de ordenación de persoal.

Este cambio xurisprudencial que deriva en considerar a tódolos efectos as RPTs como actos administrativos conleva una serie de consecuencias a efectos da súa invalidez declarada xudicialmente xa que nas sentencias contencioso administrativas non se vulga a nulidade o anulabilidade do acto senón a súa adecuación ou non a dereito.

Isto supòn que no caso de sentencias de carácter declarativo nas que se anula parcial ou totalmente un acto administrativo ou unha RPT como é o caso, é relevante determinar se estamos ante unha nulidade absoluta, radical e erga omnes pois os seus efectos serían ex tunc, ou ben se estamos ante unha causa de anulabilidade en cuio caso cabería a súa subsanación ou convalidación á vista do disposto nos artigos 48 a 52 da LPAC.

Esta doutrina que han de seguir as administracións públicas dada a excepcionalidade e interpretación restrictiva dos supostos de nulidade, ven determinada entre outras pola STS de 27 de xaneiro de 2011, en base ós principios de favor acti e conservación e conservación dos actos anulados sen perxuízo de acudir a figura das cuestións incidentais en fase de execución de sentencias se houbera dúbidas sobre a consideración da anulación dacordo ó previsto no artigo 109 da LXCA.

Esta reflexión ven dada pola redacción da fallo xudicial obxeto deste informe xa que de xeito certamente criticable como expoñerei máis adiante, non se limita a declarar unha situación xurídica individualizada anulando parcialmente o acto administrativo sen máis, senón que exercita unha fase condenatoria ou constitutiva que nada ten que ver co petitum da parte e vai ultra vires esixindo unha resolución desta administración.

Non debemos olvidar que estamos ante o exercicio por parte do interesado dun dereito fundamental, o dereito á tutela xudicial efectiva regulado no artigo 24 da CE que como xa manifestou o TC en STC 32/82 de 7 de xuño en relación cos artigos 117.3 e 118 de la CE, «Es preciso reconocer que esta situación supone, como afirman los recurrentes, una violación del art. 24.1 de la Constitución. El derecho a la tutela efectiva que dicho artículo consagra no agota su contenido en la exigencia de que el interesado tenga acceso a los Tribunales de Justicia, pueda ante ellos manifestar y defender su pretensión jurídica en

igualdad con las otras partes y goce de la libertad de aportar todas aquellas pruebas que procesalmente fueran oportunas y admisibles, ni se limita a garantizar la obtención de una resolución de fondo fundada en derecho, sea o no favorable a la pretensión formulada, si concurren todos los requisitos procesales para ello. Exige también que el fallo judicial se cumpla y que el recurrente sea repuesto en su derecho y compensado, si hubiere lugar a ello, por el daño sufrido: lo contrario sería convertir las decisiones judiciales y el reconocimiento de los derechos que ellas comportan en favor de alguna de las partes, en meras declaraciones de intenciones».

SEGUNDA.- *Para poder entender o cumprimento do fallo xudicial e as afectacións derivadas do mesmo é importante atender a relación entre a plantilla de persoal que se aproba cos presupostos e a RPT.*

Así, aquela é un instrumento de carácter financiero cuio reflexo presupuestario e contable atópase no anexo de persoal que forma parte do orzamento municipal dacordo ó artigo 168 do TRLFL e habilita os créditos necesarios sobre os cales se recoñecerán obrigas económicas e se realizará o seu pago.

Digamos que a plantilla de persoal reflexa o que hai e a RPT o que debería de haber sen perxuízo da adecuación da primeira á segunda.

De feito, a xurisprudencia afirma que a plantilla de persoal funciona a modo de limitación da RPT non sendo axustado unha modificación da RPT que non leve aparexada unha modificación da plantilla.

Esta se regula nos artigos 90.1 da LBRL e 126 e 127 do TRRL onde da súa redacción podemos concluir que a plantilla non é senón una relación enumerativa e presupuestada das plazas que teñen dotación crediticia no Capítulo I do orzamento de gastos e que pode ser obxecto de modificación co mesmo procedemento que o de modificación do orzamento anual.

Para rematar esta relación sinalagmática entre estas dúas figuras, segundo a STS de 20 de outubro de 2008 "Se desprende de estos preceptos que el instrumento técnico, el único, a través de cual se puede modificar el contenido de cada puesto de trabajo es la Relación de Puestos de Trabajo. En consecuencia, es evidente que este instrumento, al tener carácter excluyente de otros para configurar dicho contenido, vincula a las Plantillas Orgánicas, que, como dice la sentencia recurrida, tiene un marcado carácter presupuestario. En definitiva la aprobación de la Plantilla Orgánica no es sino la aprobación de una partida de los presupuestos, que podrá prever un número de funcionarios menor que el establecido en la Relación de Puestos de Trabajo (al existir por ejemplo vacantes que por motivos presupuestarios se decida no cubrir) pero que no puede contradecir en el contenido, naturaleza y número máximo de plazas, a las previsiones previstas en la Relación de Puestos de Trabajo."

Esta consideración derivase da anulación firme da RPT respecto ó posto do Arquitecto Municipal e a súa área o que non leva a volver a clasificación e cualificación do posto contemplado no acordo plenario de 22 de decembro de 2006 e ás súas consecuencias retributivas, que deberían ter reflexo na Plantilla de Persoal coa conseguinte modificación desta e a RPT, sen perxuízo de que no exercicio da potestade de autoorganización prevista no artigo 4 da LBRL e previo procedemento ad hoc, obxectivo e debidamente motivado se modificasen as variantes do posto en cuestión.

Por tanto, se a plantilla de persoal reflexa os postos existentes coas súas retribucións básicas e complementarias, e ten o seu reflexo presupuestario e contable no anexo de persoal, será preciso a súa modificación para adecuala á nova realidade derivada da anulación parcial da RPT pero sen esperar a súa formalización dado o carácter preferente do exercizo do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, polo que é posible recoñecer obrigas económicas e esixir as mesmas non só da execución dos respectivos orzamentos senón tamén, como é o caso, da execución de sentencias xudiciais firmes, art. 173.1 do TRLFL.

TERCEIRA.- *Neste punto vamos a analizar o petitum da parte, a pretensión que reclama para poder valorar o tipo de sentencia ante a cal nos atopamos e a aplicación sustantiva do contido formal do fallo xudicial.*

Así, en segunda instancia, o TSX de Galicia en apelación falla na parte dispositiva o seguinte: "... anulando dicha resolución exclusivamente en lo que se refiere a la configuración de la Sección de Urbanismo dentro del Área de Gestión Administrativa, y a la configuración del puesto de arquitecto municipal con un nivel 26 y un complemento específico de 15.000 euros, de forma que, el Ayuntamiento de Vimianzo deberá dictar resolución debidamente motivada en relación con esos extremos, resolución en la que deberá motivarse expresamente la configuración de esa Área y la configuración del puesto de arquitecto municipal."

Como xa adiantei, é criticable a redacción do fallo se atendemos ó obxecto da demanda que segundo a pretensión, tiña carácter declarativo ao anular un acto administrativo e recoñecer un dereito subxectivo preexistente fronte as sentencias constitutivas nas que se crea un dereito ou unha situación xurídica nova coma nun divorcio.

Este carácter das sentencias dedúcese do teor do artigo 71.1 da LXCA no caso de estimación do recurso contencioso-administrativo interposto:

1. Cuando la sentencia estimase el recurso contencioso-administrativo:

5. **a)** Declarará no ser conforme a Derecho y, en su caso, anulará total o parcialmente la disposición o acto recurrido o dispondrá que cese o se modifique la actuación impugnada.
6. **b)** Si se hubiese pretendido el reconocimiento y restablecimiento de una situación jurídica individualizada, reconocerá dicha situación jurídica y adoptará cuantas medidas sean necesarias para el pleno restablecimiento de la misma.
7. **c)** Si la medida consistiera en la emisión de un acto o en la práctica de una actuación jurídicamente obligatoria, la sentencia podrá establecer plazo para que se cumpla el fallo.
8. **d)** Si fuera estimada una pretensión de resarcir daños y perjuicios, se declarará en todo caso el derecho a la reparación, señalando asimismo quién viene obligado a indemnizar. La sentencia fijará también la cuantía de la indemnización cuando lo pida expresamente el demandante y consten probados en autos elementos suficientes para ello. En otro caso, se establecerán las bases para la determinación de la cuantía, cuya definitiva concreción quedará diferida al período de ejecución de sentencia.

Resulta sorprendente que estimando unha sentenza de anulación parcial dun acto administrativo de gravamen e non habendo laguna xurídica algunha para a situación xurídica individualizada xa que esta volvería ó seu estado anterior, acordo plenario de 2006, se conmine á administración a dictar resolución debidamente motivada en relación cos extremos que foron anulados na sentenza declarativa incidindo de xeito ilexítimo na potestade de autoorganización municipal.

Para entender esta afirmación, debemos distinguir claramente dous tipos de sentencias, as que requiren execución e as que non.

As anulatorias ou declarativas teñen forza xurídica por sí mesmas, sen precisar da administración unha actuación posterior ou declaración de vontade salvo que estemos ante unha acción de condena que non é o caso xa que a pretensión non vai por ese cauce.

Isto é, nas sentencias de anulación de actos administrativos, a Administración non ten que dictar acto anulatorio algún, simplemente practicar de oficio as ordes do tribunal. Non cabe actuación convalidatoria nin volver a dictar un acto de idéntico contido salvo que a sentenza retroaiga actuacións de xeito expreso o que non se podería facer en todo caso en supostos como o presente en que o acto é de gravamen dada a irretroactividad deste tipo de actos conforme o artigo 39 da LPAC e artigo 9 da CE.

De feito, o defecto esencial o que fai referencia a sentenza do TSX nos seu fundamento xurídico 6ª de falta de motivación, non pode conlevar a retroacción de actuacións que implícitamente se derivan do contido do fallo.

O dereito á tutela xudicial efectiva esixe resolucións eficaces e non ilusorias sen perxuízo de que a administración puidera iniciar outro procedemento no que afectase a área de urbanismo e arquitectura e ó posto de arquitecto pero non porque o dixera a sentenza, senón porque así o decide de xeito discrecional o órgano competente para elo.

Nesta liña, aínda que en relación coa anulación xudicial de preceptos de disposicións xerais tendo en conta que recentemente así se consideraban as RPTs como espuxen anteriormente, o artigo 71.2 da LXCA establece que non se poderá determinar polos órganos xudiciais a forma en que han de quedar redactados os preceptos dunha disposición xeral en substitución dos anulados nin determinar o contido discrecional dos mesmos.

É dicir, se estamos ante unha decisión discrecional resultante da planificación ou potestade autoorganizativa, a sentenza debería limitarse a anular o acto sen prexuzgar como debe exercerse no futuro esta potestade.

Por tanto, considero que non cabería dictar resolución algunha, mais o que rexe no cumprimento das sentenzas e o establecido nos artigos 117 da CE e 17.2 e 18.1.2 da LOPJ que entre outros establecen a obriga de cumprimento das sentencias nos seus xustos términos e polo tanto e sen prexuízo do que se puidera derivar en fase de incidentes de execución ou de nulidade hai que atender á literalidade da mesma e resolver de xeito motivado en relación cos extremos relativos á existencia e ubicación da área de urbanismo e á configuración do posto de arquitecto municipal.



Namentres, a situación particular do arquitecto municipal volvería ós conceptos retributivos fixados anteriormente ó da aprobación da RPT sen necesidade de acordo expreso sen prexuízo de adecuar a efectos presupuestarios a plantilla e o anexo de personal municipal.

CUARTA.- En relación ó órgano competente para dirimir e resolver sobre estes aspectos por afectar as retribucións e condicións de traballo do posto de arquitecto municipal e directamente ó instrumento técnico de regulación das mesmas, RPT, sería o PLENO da corporación por atribución do artigo 22.2.i) da LBRL.

Conclusión:

A vista da redacción do fallo xudicial na súa parte dispositiva e tendo en conta as consideracións xurídicas feitas, considero que o órgano plenario debería adoptar acordo tomando conta da sentenza firme ditada en segunda instancia e requerir o inicio dos expedientes pertinentes para regularizar a situación da área de arquitectura e urbanismo e o posto de arquitecto coas condicións retributivas e funcionais existentes antes da entrada en vigor da RPT, xa que desaparecen os seus efectos do tráfico xurídico aflorando os previamente adoptados.

Todo elo, sen prexuízo da aplicación inmediata das consecuencias da anulación xudicial desa parte da RPT estimando as pretensións do demandante e o exercizo por parte do órgano competente da súa potestade autoorganizativa a efectos de adoptar un acordo posterior, previo expediente ó efecto debidamente motivado que afecte á área de arquitectura e urbanismo e ó posto de arquitecto municipal se así o valorase.

O Secretario

Ante mín, A Alcaldesa

Francisco Javier Novoa Juiz

Mónica Rodríguez Ordóñez

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 20/01/2021, que se transcribe literalmente:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

Número de expediente. - 2020/Q001/000006

ASUNTO.-Sentencia en relación coa RPT praza de arquitecto código UAF-01.

ANTECEDENTES. -

- Acordo plenario de 22 de decembro de 2006 no que se lle recoñece ó posto de arquitecto, un nivel 30 e a asignación dun complemento específico de 23.648, 94 euros.

- Acordo Plenario de data 28 de agosto de 2017 polo que se aproba a RPT do Concello de Vimianzo, publicada no BOP 06/09/2017 núm. 169, con entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2018. Na citada RPT, suprímese a Área de Urbanismo e Arquitectura que tiña carácter autónomo e se diminúen os CD e CE do posto de Arquitecto Municipal que pasa do nivel 30 ó 26 e de 23.648,94 euros a 15.000 euros respectivamente.

- Sentencia do TSX de Galicia, sección 1, sentenza número 119/2020 de data 11/09/2020, derivada do recurso contra a sentenza do Xulgado Contencioso- administrativo núm. 3, procedemento abreviado 233/2017.

- Informe xurídico de Secretaria.

- Acordo plenario de data 18 de decembro de 2020.

- Providencia de alcaldía de data 18/01/2021, solicitando informe de intervención.

NORMATIVA APLICABLE.

1. Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL).
2. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Funcionario Público (TREBEP).
3. Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
4. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLHL).

INFORME.

Por sentenza xudicial de data 11/03/2020 do TSX de Galicia, reproduzo a parte do fallo que neste punto interesa: “se estima parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación legal de D. Julio Vázquez Rodríguez, contra el acuerdo de aprobación definitiva de la Relación de Puestos de Trabajo del Ayuntamiento de Vimianzo, aprobada en Sesión extraordinaria de fecha 28 de agosto de 2017, anulando dicha resolución exclusivamente en lo que se refiere a la configuración de la Sección de Urbanismo dentro del Área de Gestión Administrativa, y a la configuración del puesto de arquitecto municipal con un nivel 26 y un complemento específico de 15.000 €, de forma que, el Ayuntamiento de Vimianzo deberá dictar resolución debidamente motivada en relación con esos extremos, resolución en la que deberá motivarse expresamente la configuración de esa Área y la configuración del puesto de arquitecto municipal”.

Advertir que a sentenza ten un erro, xa que o complemento específico aprobado na RPT non é de 15.000 €, senón de 16.500 €; ademais en todo momento, me vou a centrar no informe no complemento específico, xa que é o que ten repercusión económica para o Concello porque o arquitecto que ocupa a día de hoxe a praza ten consolidado o nivel 30 e este é o que esta orzamentado. Con independencia disto, os acordos que se adopten futuros deberá tamén aclarar cal é o nivel da praza de arquitecto.

Na parte da sentenza de fundamentos xurídicos, e que se reproduce neste informe por ser a parte que afecta a execución da sentenza que se vai a levar a cabo neste expediente:

“Se considera por esta Sala, a diferencia de los contenido en la sentencia apelada, que la RPT no motiva suficientemente el cambio en la estructura de Urbanismo, ni tampoco la minoración del nivel del puesto de arquitecto municipal del nivel 30, reconocido por el propio Ayuntamiento de Vimianzo, que reconoció al puesto de arquitecto, un nivel 30 y la asignación de un complemento específico de 23.648,94 €, y que se rebaja a nivel 26 y complemento específico de 15.000 euros, mediante acuerdo ahora recurrido de fecha 28 de agosto de 2017.

En consecuencia, al apreciar la existencia de falta de motivación, procede estimar la estimación parcial del recurso de apelación interpuesto, al revocarse la sentencia apelada en cuanto al fallo de desestimación, no al de inadmisibilidad, y la estimación parcial del recurso contencioso-administrativo interpuesto por el apelante.

Ello determina la anulación de la aprobación definitiva de la RPT del Ayuntamiento de Vimianzo aprobada por sesión extraordinaria de fecha 28 de agosto de 2017 exclusivamente en lo que se refiere a la configuración de la Sección de Urbanismo dentro del área de gestión administrativa, a la configuración del puesto de arquitecto municipal con un nivel 26 y un complemento específico de 15.000 euros, de forma que, el Ayuntamiento de Vimianzo deberá dictar resolución debidamente motivada en relación con esos extremos, resolución en la deberá motivarse expresamente la configuración de esa área y la configuración del puesto de arquitecto municipal.”

O presente expediente foi sometido a informe do Secretario municipal, que establece, de xeito resumido o seguinte:

(...)

“Esta consideración derivase da anulación firme da RPT respecto ó posto do Arquitecto Municipal e a súa área o que non leva a volver a clasificación e cualificación do posto contemplado no acordo plenario de 22 de decembro de 2006 e ás súas consecuencias retributivas, que deberían ter reflexo na Plantilla de Persoal coa conseguinte modificación desta e a RPT, sen perjuizo de que no exercicio da potestade de autoorganización prevista no artigo 4 da LBRL e previo procedemento ad hoc, obxectivo e debidamente motivado se modificasen as variantes do posto en cuestión.

Por tanto, se a plantilla de persoal reflexa os postos existentes coas súas retribucións básicas e complementarias, e ten o seu reflexo presupuestario e contable no anexo de persoal, será preciso a súa modificación para adecuala á nova realidade derivada da anulación parcial da RPT pero sen esperar a súa formalización dado o carácter preferente do exercicio do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, polo que é posible recoñecer obrigas económicas e esixir as mesmas non só da execución dos respectivos orzamentos senón tamén, como é o caso, da execución de sentencias xudiciais firmes, art. 173.1 do TRLFL.”

(...)

É dicir, se estamos ante unha decisión discrecional resultante da planificación ou potestade autoorganizativa, a sentenza debería limitarse a anular o acto sen prexuzgar como debe exercerse no futuro esta potestade.

Por tanto, considero que non cabería dictar resolución algunha, mais o que rexe no cumprimento das sentenzas e o establecido nos artigos 117 da CE e 17.2 e 18.1.2 da LOPJ que entre outros establecen a obriga de cumprimento das sentencias nos seus xustos términos e polo tanto e sen perjuizo do que se puidera derivar en fase de incidentes de execución ou de nulidade hai que atender á literalidade da mesma e resolver de xeito motivado en relación cos extremos relativos á existencia e ubicación da área de urbanismo e á configuración do posto de arquitecto municipal.

Namentres, a situación particular do arquitecto municipal volvería ós conceptos retributivos fixados anteriormente ó da aprobación da RPT sen necesidade de acordo expreso sen perjuizo de adecuar a efectos presupuestarios a plantilla e o anexo de personal municipal.



CUARTA.- En relación ó órgano competente para dirimir e resolver sobre estes aspectos por afectar as retribucións e condicións de traballo do posto de arquitecto municipal e directamente ó instrumento técnico de regulación das mesmas, RPT, sería o PLENO da corporación por atribución do artigo 22.2.i) da LBRL.

Conclusión:

A vista da redacción do fallo xudicial na súa parte dispositiva e tendo en conta as consideracións xurídicas feitas, considero que o órgano plenario debería adoptar acordo tomando conta da sentenza firme ditada en segunda instancia e requerir o inicio dos expedientes pertinentes para regularizar a situación da área de arquitectura e urbanismo e o posto de arquitecto coas condicións retributivas e funcionais existentes antes da entrada en vigor da RPT, xa que desaparecen os seus efectos do tráfico xurídico aflorando os previamente adoptados.

Todo elo, sen perxuízo da aplicación inmediata das consecuencias da anulación xudicial desa parte da RPT estimando as pretensións do demandante e o exercizo por parte do órgano competente da súa potestade autoorganizativa a efectos de adoptar un acordo posterior, previo expediente ó efecto debidamente motivado que afecte á área de arquitectura e urbanismo e ó posto de arquitecto municipal se así o valorase.”

En atención ao anterior, no caso de que o acordo do Pleno de toma de razón de sentenza e execución desta, segundo se deriva do informe de Secretaría, vaia no sentido de que decaída do tráfico xurídico a RPT do Concello de Vimianzo e en tanto non se trámite unha modificación motivada da citada RPT, plantilla e anexos de persoal, como parece ser o pronunciamiento último da sentenza, na parte que afecta a praza de arquitecto municipal, resultara de aplicación, o acordo plenario de data 22 de decembro de 2006, no que se establecía un complemento específico de 23.648,94 € e un nivel 30. Esta Interventora entende que o acordo do pleno de toma de razón da sentenza e execución desta, en tanto non se leven a cabo os expedientes pertinentes, que se pode realizar coa tramitación do novo orzamento do exercicio 2021, deberá aclarar o momento a partir do cal ten efectos xurídicos a execución da sentenza e o importe do complemento específico a aboar, pois o acordo plenario que aflora é do ano 2006, e producíronse unha serie de modificacións salariais tanto a alza como a baixa dende esa data. De feito a RPT anulada, recollía un complemento específico de 16.500, e na data de emisión deste informe o complemento a pagar na nómina de xaneiro de 2021 sería de 1.265,03 €/mes, 17.710,42 anuais a catorce pagas.

O último anexo de persoal aprobado é do ano 2017, anterior a entrada en vigor da RPT o 1 de xaneiro de 2018, no que consta un complemento específico anual a catorce pagas de 23.648,94 €, importe igual ao do ano 2006. No ano 2018 e seguintes producíronse varias subidas salariais aprobadas polo Goberno Central, que foron aplicadas neste Concello de xeito automático. Polo que se debe aclarar, no acordo plenario que se adopte en execución de sentenza, se resultan de aplicación ou non ao complemento específico da praza de arquitecto, dado que si foron aplicadas o complemento recollido na praza de arquitecto da RPT. No caso de aplicarse as subidas mencionadas o complemento a aboar sería de 25.445,98 a catorce pagas. O lóxico, sería aplicar as citadas subidas ao igual que se fixo no complemento recollido na RPT, do contrario sería un agravia respecto ao que se aplicou con anterioridade.

Existencia e adecuación de crédito.

No orzamento do ano 2019 prorrogado ao 2021 non existe crédito adecuado e suficiente na aplicación 151 12101, a nivel de partida orzamentaria, para o pago ó arquitecto municipal Julio Vázquez Rodríguez, tanto para o complemento de 23.648,94 como o que resulta de aplicar as subidas de 25.445,98. Se ben dadas as vacantes existentes na área de policía local, considérase suficiente o crédito existente na bolsa de vinculación xurídica, 1-1. Con independencia disto, deberá iniciarse expediente para regularizar esta situación transitoria, motivando o complemento específico que se debe aboar a praza, segundo recolle a sentenza. A regularización pode iniciarse coa tramitación dun novo orzamento para o ano 2021, modificando a plantilla e os anexos de persoal, ou cun acordo de valoración motivado na RPT.

No caso de cubrirse as prazas vacantes de policía local, se non se chega a tramitar un orzamento definitivo, no que se orzamente o importe que se fixe para o complemento específico, e se continua co prorrogado, motivaría a inexistencia de crédito a nivel de bolsa de vinculación xurídica 1-1.

Calquera acordo que se adopte por un importe superior ao referido, aplicadas as subidas salariais de 25.445,98, deberá ser sometido a informe de fiscalización de esta Interventora, en aras a comprobación da existencia de crédito.

Órgano competente.

Consta informe de secretaria, no que determina “en relación ó órgano competente para dirimir e resolver sobre estes aspectos por afectar as retribucións e condicións de traballo do posto de arquitecto municipal e directamente ó instrumento técnico de regulación das mesmas, RPT, sería o PLENO da corporación por atribución do artigo 22.2.i) da LBRL.”



Esta interventora esta de acordo co órgano competente, tendo en conta ademais que o Pleno non so é competente para aprobar a RPT, senón a plantilla e anexos de persoal dos orzamentos, e o que fixa a contía do complemento específico das prazas de emprego municipal mediante os citados instrumentos legais.

Así o citado complemento esta regulado no artigo 4 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril que regula o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local:

“1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.

2. El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo.

3. Efectuada la valoración, el Pleno de la Corporación, al aprobar la relación de puestos de trabajo, determinará aquéllos a los que corresponde un complemento específico, señalando su respectiva cuantía.”

En conclusión, a vista do anterior a competencia para fixar o complemento específico do posto, previa valoración será o Pleno.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

24Devolución do expediente ó departamento de orixe.

x 24**Conforme, procede a tramitación do expediente. Coas observacións realizadas en canto o acordo que debe adoptar o Pleno, en aras a determinar o importe exacto do complemento específico a aboar na praza de arquitecto municipal de xeito transitorio, en tanto non se tramiten os expediente pertinentes debido a anulación da RPT, e a data de comezo de ditos efectos xurídicos, en que nómina corresponde aplicar o complemento específico anterior a RPT.**

24**Desconforme sen efectos suspensivos, pero deberían subsanarse os reparos antes de someter o expediente a aprobación ou de non ser subsanables a recomendación de que non sexan reiterados en expedientes futuros, non concorrer os requisitos esixidos no artigo 216 TRLFL.**

24**Desconforme con efectos suspensivos (ver observacións) ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia, respecto das facturas incluídas nas observacións e de conformidade en relación coas demais facturas que se someten a aprobación.**

En todo caso, este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis oportuno para os intereses xerais.

A Interventora

María Lourdes Castro Pena

(documento asinado dixitalmente).“

Entererada

A Alcaldesa

Considerando o previsto nos artigos 123 ROF, 117 e 118 da Constitución Española, entre outros, e no seo da atribución plenaria contemplada no artigo 22.2.i) da LBRL, propoño o informe, estudio consulta no seu caso da seguinte proposta de ditame pola Comisión informativa de Asuntos Xerais para elevar a pleno para o seu debate e aprobación:

Primeiro.- Tomar razón da Sentencia 00119/2020, de 11/03/2020, da sección 1ª da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fallada en apelación estimando parcialmente o recurso núm.281/2018 presentado polo arquitecto municipal.

Segundo.- Confirmar en execución da sentenza as condicións de traballo para o posto de arquitecto municipal existentes antes da aprobación definitiva da RPT do Concello de Vimianzo. En consecuencia, resultará de aplicación o último complemento específico aprobado na praza de arquitecto coas correspondentes actualizacións salariais derivadas da normativa estatal en materia retributiva, segundo o indicado no informe de intervención transcrito, en concreto a contía de 25.445,98 euros, a catorce pagas. Este complemento farase efectivo na nómina correspondente á mensuralidade de febreiro do ano en curso.



Terceiro.- Requerir o inicio das actuacións preparatorias pertinentes para tramitar e aprobar os expedientes dabondo para a regularización e formalización das condicións de traballo do posto de arquitecto municipal e no seu caso da área de arquitectura e urbanismo municipal.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó arquitecto municipal, representantes dos traballadores municipais e xulgado que coñeceu a demanda en primeira instancia ós efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente).”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta recorda que este asunto retirouse do pleno anterior para completar co informe de intervención que xa se trae a colación.

Dña. Raquel Rodríguez dí que non ten criterios para rebatir o contido da sentenza polo que non teñen nada que engadir ó dito.

D. Manuel Antelo traslada que todo o mundo entende a sentenza e que hai que executala nos seus xustos termos e tal como esta o acordo plenario non se está a executar. Continúa dicindo que se está a aprobar un específico sen criterios obxetivos e pode ser que se vaia en contra do espírito desta sentenza e que o que o TSX dí, e que non procede estimar as pretensións.

Refírese ó informe do Secretario no canto de que se decanta pola nulidade sen argumentación algunha e que se houbera dúbidas poderíase acudir ó incidente de execución de sentenza e requerir informe ó redactor da RPT. Remata dicindo que o acordo que se está a adoptar carece de seguridade xurídica.

A continuación a Alcaldesa-Presidenta dalle a palabra o Sr. Secretario que explica o seu parecer e que o que se pretende e dar seguridade xurídica ós complementos retributivos a aboar en tanto en canto non se adopte acordo motivado de determinación obxetiva xa que foi anulada a parte da RPT referida a este aspecto.

A Alcaldesa-Presidenta replica que o acordo non é un capricho e que quere camiñar cara adiante sendo os informes claros e que hai dúas sentencias con diferente criterio e se logo hai que facer algunha modificación se fará.

Continúa comunicando que se fixeron diversas consultas e se concluíu neste senso, o que importa é traballar para os veciños e deixar as guerras e as crispacións a un lado. Aboga por unha actitude máis constructiva xa que da pandemia deberíamos tomar leccións e ter máis sensibilidade.

Dña. Raquel Rodríguez comenta que lle parece absurdo este debate habendo unha sentenza que cumprir.

D. Manuel Antelo dí que non hai que falar de cousas que non veñen a conto, que existe alternancia política e que non quere entrar a valoracións do tipo das feitas pola alcaldía e non pretende iso.

Continúa aludindo a que únicamente fan lectura dunha sentenza e que se está a cambiar a RPT sen seguir o procedemento para elo.

Pasase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- A FAVOR: 6 (PSdeG-PSOE).



- ABSTENCIÓN: 2 (PP).

- EN CONTRA: 4 (A.V.).

Queda por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 16-12-2020 con número 1282/2020 ata o día 28-01-2021 con número 76/2021.

O Pleno do Concello douse por enterado.

9º. Mocións de urxencia.

D. Manuel Antelo explica a Moción de Urxencia presentada o 30 de xaneiro de 2021 con RE 202199900000097 co seguinte teor literal:

"D. Manuel Antelo Pazos, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal *Adiante Vimianzo*, ao abeiro do artigo 97.3 do R.D. 2569/86 (ROF), presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación Municipal de Vimianzo, a seguinte moción **sobre alegacións ao parque eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. Con data 15/10/2020 presentouse diante do Ministerio de Transición Ecolóxica a documentación correspondente para a avaliación ambiental do Parque Eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación, promovido pola empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA*, someténdose a consulta pública.

2. O Parque Eólico Berdoias está previsto ubicalo nos montes de Berdoias, entre outros terreos, afectando directamente a varios conxuntos arqueolóxicos de moita importancia.

3. A Asociación Veciñal de Berdoias, a Asociación Cultural Colectivo A Rula e o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte presentaron un conxunto de alegacións ao documento inicial do parque eólico exposto a consultas previas á avaliación ambiental para que se preservara a integridade dos conxuntos arqueolóxicos afectados, entre outras cousas.

4. Os mesmos colectivos, segundo nos consta, enviaron ao concello de Vimianzo unha copia das alegacións presentadas para que se remitisen a todos os grupos municipais co obxecto de acadar o apoio do Pleno da Corporación ás mesmas.

5. Tendo en conta que foi convocada a celebración do Pleno ordinario e que por parte da alcaldía non se nos remitiu aos grupos municipais as alegacións presentadas, consideramos necesario que sexa tratado este asunto, e apoiadas as alegacións polo concello de Vimianzo. Documento este que se anexa á presente moción.

Por todo o devandito propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo acorda:

- Apoiar a facer súas as alegacións presentadas ao documento de inicio para a avaliación ambiental do Parque Eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación pola Asociación Veciñal de Berdoias, a Asociación Cultural Colectivo A Rula e o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte.

- Remitir este acordo ao Ministerio de Transición Ecolóxica para que sexa tido en conta na resolución do expediente.

2. O Pleno da O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo acorda:



- Solicitar da empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA*, promotora do parque eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación, a elaboración dun plan de mellora dos camiños rurais e forestais da parroquia de Berdoias.
- Solicitar da empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA*, promotora do parque eólico Berdoias, a elaboración dun plan de delimitación e posta en valor dos conxuntos arqueolóxicos afectados polo parque eólico.
- Remitir este acordo á empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA* para o seu coñecemento.”

Destaca as repercusións medioambientais do parque eólico e a relevancia do asunto tendo en conta que a petición da asociación implicada solicita que se fagan propias as alegacións presentadas por parte dos grupos políticos municipais.

A Alcaldesa-Presidenta dí que o prazo de alegacións rematou e D. Manuel Antelo contesta que se trata de dar forza ás alegacións presentadas.

Pásase a votar a urxencia da Moción para o seu posterior debate e votación no seu caso obténdose o seguinte resultado:

Unanimidade a Favor.

D. Manuel Antelo traslada que se debería negociar coa empresa para que prestasen servizos ó concello como se fixo anteriormente con casos similares.

A Alcaldesa-Presidenta comenta que o escrito da asociación pasouse a semana pasada e de xeito inmediato se contactou con eles para facer un seguimento. Que o día 7 de xaneiro en prazo se enviaron alegacións á Xunta de Galicia debidamente motivadas polo técnico municipal e que o prazo remataba o 13 de xaneiro.

Continúa apoiando o contido do escrito da asociación pero solicita deixar o asunto na mesa para que se emitan informes de secretaría e técnico respecto ás mesmas. En relación coas negociacións, reprocha ó Sr. Antelo que pide un plan de melloras pero cando puido facelo el non o esixiu e se así foi non hai constancia escrita e por tanto non poden defendelo.

Dna. Raquel Rodríguez dí que lle parece increíble que se enteren no pleno desta cuestión en non poden por tanto posicionarse.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que recibiu onte a moción e se deu por feito que se trasladara.

D. Manuel Antelo replica que se a intención era traer a pleno o escrito da asociación debería haberse levado a unha comisión informativa previa, que o importante é aprobar estas alegacións. En relación cos plans de mellora, ó haber cambio de goberno non se puideron executar pero se fixeron cousas como a limpeza do castro de Carballa e Monte Toural.

A Alcaldesa-Presidenta reitera que non dubida que negociou pero non hai documentos escritos e tiveron que ter moitas reunións para poder esixir a prestación dos mesmos. Continúa dicindo que a parroquia de Serramo quedou con problemas e que a moción chegou o día 19 por rexistro e o 20 convocáronse as comisións e non houbo tempo para introducila, remata felicitando o traballo da asociación.

Pásase á votación da retirada da moción obténdose o seguinte resultado:

- A FAVOR: 6 (PSdeG-PSOE).
- ABSTENCIÓNS: 2 (PP).
- EN CONTRA: 4 (A.V.).



Queda por tanto retirado o asunto da orde do día para emisión de informes de Secretaría e técnico.

10º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez retírase do Pleno ás 10:42 horas.

D. Manuel Antelo renuncia a presentar rogos e preguntas polas circunstancias presentes.

A Alcaldesa-Presidenta agradece moito o xesto sen prexuízo de estar a súa disposición para o que necesiten.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:43 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 2 de febreiro de 2021.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz